



BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS A ASOCIACIONES E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O ANO 2010.

11ª.—XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E COBRO.

Os beneficiarios das subvencións deberán xustificar a realización das actividades antes do día 30-11-2010, excepto aquelas que se desenvolvan no mes de decembro, que disporán de prazo ata o día 27-12-2010.

A documentación xustificativa será a seguinte:

- Memoria explicativa da actividade realizada.
- Declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.
- As facturas deben ser orixinais ou fotocopia compulsada.
- Declaración do representante legal das subvencións recibidas para a actividade.

3ª.—PROGRAMAS SUBVENCIONABLES

Poderanse solicitar subvencións para as seguintes actividades:

- Actividades de promoción e cooperación cultural, formativas ou similares.
- Actividades de promoción do deporte ou realización de eventos deportivos.

4ª.—CONTÍA E LÍMITE DAS SUBVENCIÓNS

O conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100% do custo da actividade que vaia a desenvolver o beneficiario.

As subvencións que serán financiadas con cargo ás partidas 32.480 e 33.480, terán un límite máximo de 18.000,00 euros.

5ª.—SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes e documentación a presentar para cada actividade, será a seguinte:

- Instancia individualizada para cada actividade, asinada polo representante legal.
- Certificado da conta bancaria.
- Certificado da tesourería municipal conforme se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias coa facenda do Concello de Moraña.
- Declaración do representante legal da entidade solicitante no que conste as subvencións e ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade.
- Memoria explicativa das accións que se pretenden realizar, con especificación da data, lugar de celebración, obxectivos perseguidos e estimación de beneficiarios da mesma.
- Orzamento de gastos e ingresos da actividade que se solicita, detallando cada un dos gastos en unidades e prezos(coas facturas proformas que correspondan).
- Memoria das actividades realizadas pola Asociación no ano 2009.

6ª.—PRAZO DE PRESENTACIÓN

A instancia coa restante documentación presentada deberá ser depositada no Boletín Oficial da Provincia.

No suposto de que as solicitudes presentadas non reúnan os requisitos sinalados, requirirase ós interesados para que no prazo de dez días enmenden as anomalías advertidas, procedéndose no caso contrario ó arquivo da solicitude.

7ª.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS

Baremo

Os criterios de valoración serán os seguintes:

- Interese xeral da actividade no ámbito municipal, cunha puntuación máxima de 5 puntos.
- Número de beneficiarios, cunha valoración máxima de 4 puntos.
- Actividades realizadas no exercicio de 2009, cunha valoración máxima de 2 puntos.
- Volumen de subvencións concedidas á actividade para a mesma finalidade, cunha valoración máxima de 1 punto.

8ª.—ESTUDIO E CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS.

A tramitación do expediente de concesión de subvencións será o seguinte:

- Informe da Comisión Informativa Municipal de Cultura, Educación e Turismo.
- Resolución do Pleno.

9ª.—ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS

Os beneficiarios das subvencións, unha vez recibido o acordo de concesión, disporán dun prazo de 15 días para aceptar expresamente a mesma e comprometerse a destinala á actividade subvencionada.

10ª.—PATROCINIO

As entidades beneficiarias das subvencións da presente convocatoria quedan comprometidas a establecer de forma clara nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, etc., mención expresa do patrocinio do Concello de Moraña.

11ª.—XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E COBRO.

Os beneficiarios das subvencións deberán xustificar a realización das actividades antes do día 30-11-2010, excepto aquelas que se desenvolvan no mes de decembro, que disporán de prazo ata o día 27-12-2010.

A documentación xustificativa será a seguinte:

- Memoria explicativa da actividade realizada.
- Declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.
- As facturas deben ser orixinais ou fotocopia compulsada.
- Declaración do representante legal das subvencións recibidas para a actividade.